

¿CÓMO AUMENTALA SEGURIDADE E PREVI R A VIOLENCIA SEXUAL INFANTIL DURANTE O CONFINAMENTO?

01

DOMICILIOS E EIDOS FAMILIARES



SEN historia anterior de violencia sexual infantil

a) Instaurar pautas de convivencia

- Lugares da casa onde poden ou non poden ficar os nenos e as nenas
- Manter as portas abertas
- Acordar os momentos de privacidade
- Promover o “bo trato” aos nenos e as nenas

b) Potenciar actividades en grupo

c) Establecer unha comunicación aberta co neno, nena ou adolescente

- Explicarlles que estamos dispoñibles para falar sobre temas de natureza afectivo-sexual e daquelo que lles preocupa
- Ensinarlles a distinguir entre bos e malos segredos, a dicir “non”, a coñecer que hai partes do corpo privadas e que hai límites

d) Supervisar e establecer normas sobre o uso das novas tecnoloxías e o acceso a internet

- Revisar e restrinxir contidos desapropiados
- Empregar os dispositivos nas zoas comúns visibles e establecer horarios de acceso
- Facer prevención informática (antivirus, aprender a manexar os aparellos electrónicos, establecer contrasinais, apagar cámara web...)
- Falar cos nenos, nenas e adolescentes sobre os perigos dalgunhas prácticas (p. ex. compartir información, practicar sexting...)

DOMICILIOS E EIDOS FAMILIARES

02



CON historia anterior de violencia sexual infantil

a) Crear un Plan de Seguridad (Offline e Online)

- Dispor dos teléfonos de emerxencias, policía, servizos sociais e fiscalía do territorio
- Establecer conexións seguras con familiares e outras persoas de confianza
- Facer prevención informática (antivirus, contrasinais, cámara web, sexting, grooming online...)
- Identificar os posibles riscos

b) Aumentar a supervisión

- Por parte dos adultos de confianza
- Do uso de internet e as redes sociais

c) Evitar a revitimización

- Atender ás reaccións afectivas dos nenos, nenas e adolescentes
- Non insistir no tema de forma repetitiva (se o neno/a non o pide)
- Garantir a continuidade do tratamento (se está pautado)

d) Se o autor convive no mesmo domicilio

- Supervisala súa relación e as interaccións
- Recomendar ou buscar unha alternativa para que resida noutro lugar
- Promover e implicarse co seguimento do seu tratamento
- Evitalo consumo de alcol e outras sustancias

03

CENTROS DE ACOLLIDA E RESIDENCIAIS

a) Supervisar de forma consistente as actuacións do persoal contratado e voluntario

b) Asegurarse de que as interaccións entre o persoal e o neno, nena ou adolescente sexan permanentemente visíbeis

c) Establecer baixo qué condicións poderase ter contacto físico cun neno, nena ou adolescente e **NUNCA** facelo en ausencia doutras persoas

d) Definir e restrinxir as circunstancias nas que o persoal ten acceso a un neno, nena ou adolescente

e) Establecer, limitar e supervisar as normas de acceso as novas tecnoloxías e os contidos online

f) Atender á formación afectivo-sexual axeitada á idade, que inclúa os fundamentos da prevención da violencia sexual infantil


TELÉFONOS DE ATENCIÓN

04

Deben estar nun lugar visible e a disposición de todos/as

112
Emerxencias

Teléfono ANAR de axuda ós nenos e adolescentes
900 20 20 10 / 116 111



Fuentes:
Canadian Red Cross: www.ifrc.org
Darkness to Light: www.d2l.org
Stop it Now! UK: www.parentsprotect.co.uk

Tradución e agradecementos: Manuel Ramos Garrido